

*ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE BARRO PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA “RECUPERACIÓN DO ESPAZO E MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 0508 CURRO – SAN AMARO AO SEU PASO POLA PRAZA DE SAN AMARO”.*

### INTERVENEN

*Dunha parte, María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Doutra parte, Xosé Manuel Fernández Abraldes, alcalde do Concello de Barro, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra. As partes reconécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin*

### EXPOÑEN

*I.- O 23 de xaneiro de 2021 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Barro formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto “Recuperación do espazo e mellora da mobilidade peonil na E.P. 0508 Curro – San Amaro ao seu paso pola praza de San Amaro”.*

*II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2022 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.*

*III.- A Deputación presentou o 8 de novembro de 2021 unha solicitude de axuda para as actuacións obxecto do convenio ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000) ), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (BOE núm.185, de 4 de agosto de 2021). Esta solicitude está pendente de resolución.*

*Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e*

### PACTAN:

*PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2023 a vixencia do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Barro para a execución do proxecto de “Recuperación do espazo e mellora da mobilidade peonil na E.P. 0508 Curro – San Amaro ao seu paso pola praza de San Amaro”.*



*A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.*

*SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 23 de xaneiro de 2021 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.”*

*E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan electronicamente a presente addenda na data da sinatura dixital.*



Pode verificar a integridade deste documento  
no enderezo: <https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación (CSV):36VBR1AUPSPCRYX